



**SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL
AGRUPACIÓN VILASANTAR, SOBRADO E CURTIS**

BOLETÍN DE EMPREGO SEMANA DO 1 DE FEBREIRO DE 2018

OFERTAS DE EMPREGO XESTIONAS POLO SERVIZO DE ORIENTACIÓN

Na actualidade se están a xestionar as seguintes ofertas para empresas da zona:

- Conductor/a de Camión, Trailer, CAP e ADR Básico a nivel nacional e portugal con experiencia.
- Conductor/a de Camión, Trailer e CAP, non necesaria experiencia.
- Carpinteiro/a con formación no sector e a lo menos 1 ano de experiencia.
- Auxiliar de axuda a domicilio, zona Oza-Cesuras. Inicialmente 2 horas ao día, ampliables.

Máis información: Servizo de Orientación Laboral. Telf.: 981789003 Ext.2037

AXENCIA LOCAL DE COLOCACIÓN DE SANTIAGO

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS EN: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas>

26/01/2018 Monitor/a materia de consumo

26/01/2018 Docente actividades extraescolares

25/01/2018 Teleoperadores/as

25/01/2018 Instaladores/as de telefonía

25/01/2018 Técnico/a de comunicación e marketing (con certificado de discapacidade)

25/01/2018 Docentes cursos de igualdade

24/01/2018 Vixiante de seguridade (con certificado de discapacidade)

24/01/2018 Enxeñeiro/a técnico industrial

24/01/2018 Auxiliar de modista

23/01/2018 Docente educación especial

22/01/2018 Hixienista dental ou auxiliar de clínica

18/01/2018 Administrativo/a con inglés e francés

17/01/2018 Xestor/a de subvencións

12/01/2018 Limpador/a de fiestras

11/01/2018 Docente de competencias clave nivel 2

AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO – OZA-CESURAS

Búscase auxiliar para domicilio en Cesuras, contrato laboral con empresa do sector socio-sanitario. 2 horas de traballo ao día. Interesados/as contactar co Servizo de Orientación Laboral no 981789003.

SERVIZO DOMÉSTICO - SADA

Seleccionamos persoal para servizo doméstico e limpeza en Sada (A Coruña). Dispoñibilidade de tarde. Imprescindible coche propio, experiencia previa e residencia en Sada ou zonas limítrofes. Persoas interesadas indicar CV e teléfono de contacto. Contactar a través da web de milanuncios.

Anuncio publicado en Milanuncios

MONTADORES E ENCINTADORES GALICIA – A CORUÑA

Se necesitan oficiais de pladur, chamar en horario de oficina. Contacto: David 619387834 / d.davidrodriguez@yahoo. Es

Anuncio publicado en Milanuncios

BUSCO ALBANEL PARA A CONSTRUCCIÓN - ABEGONDO

Busco albanel para a construción con coñecementos básicos en formigón, carpintaría, fontanaría. . . para construción de casas, con posibilidade de desprazarse en coche. Unicamente aténdense chamadas, telf. 657353456. Anuncio publicado en Milanuncios.

PERSOAL PARA LIMPAR PEIXE – A CORUÑA

Necesítase persoal con EXPERIENCIA para limpeza e fileteado de peixe fresco. lugar de traballo, porto da Coruña. preferiblemente buscamos persoal novo e dinámico. Ofrécese contrato de traballo e alta no s. s, estabilidade e bo ambiente de traballo. Os interesados só chamadas en horario comercial de mañá (de 9: 00 a 14: 00)(655--312--529) por favor, só porse en contacto ou enviar e-mail quen teña EXPERIENCIA. Tamén se pode mandar curriculum: simonefiorini@hotmail. Com

Anuncio publicado en Milanuncios.

OPERARIO GRANXA PORCINO - COIRÓS

Buscamos persoal para atender granxas de porcino na zona de COIRÓS. Funcións básicas: atender de forma eficiente a entrada e saída de animais, así como pór a disposición dos mesmos os pensos, a auga, a limpeza, a luz, etc. Requírese: Dispoñibilidade e carné de conducir Ofrécese: Estabilidade e crecemento nunha gran empresa. Anuncio publicado en Milanuncios.

TRABALLO EN GRANXA DE VACAS DE LEITE - TEIXEIRO

Buscase persoa nova traballador con experiencia en ordeño de vacas e manexo de maquinaria agrícola. Imprescindible carné de conducir. Preferiblemente jente da zona. Soldo a convir. Só wasssap. Non aténdense chamadas. Contar con: ADA 666472857. Anuncio publicado en Milanuncios.

PRECÍSASE OFICIAL PRIMEIRA EN CONTRUCCIÓN – A CORUÑA

Especialista en impermeabilizacións, pinturas , alicatados e construción oficial 1 demostrable , interesados mandar currículo: info@vertigo3. Es

Anuncio publicado en Milanuncios.

BOLSA FEUGA ELECTROMECÁNICA Ou AUTOMOCIÓN. - MELIDE

Ofrécese bolsa FEUGA para formación de técnico en electromecánica ou técnico superior en automoción en taller de Melide. Interesados chamar ao 617473730. Anuncio publicado en Milanuncios.

PRECÍSASE OFICIAL 1 EN CONSTRUCCIÓN – A CORUÑA

Necesítase albanel oficial primeira con experiencia demostrable, idade entre 30 e 55 interesados enviar currículo info@vertigo3.es Anuncio publicado en Milanuncios.

ELECTROMECÁNICO CON EXPERIENCIA - MELIDE

Necesítase electromecánico con experiencia para taller en Melide. Interesados chamar ao 617473730. Anuncio publicado en Milanuncios.

RESPONSABLE DEPARTAMENTO RECAMBIOS – O PINO

Empresa especializada na venda de recambios agrícolas ofrecemos posto de traballo para desempeñar as funcións de venda en tenda de recambios de tractor e maquinaria agrícola. Incorporación inmediata imprescindible coñecementos informáticos a nivel básico , valorarase experiencia no sector recambios , agrícola, industrial, etc. Boas condicións laborais e salario a convir. Anuncio publicado en Milanuncios.

COCIÑEIRO/A - BETANZOS

Necesítase cociñeiro/a para local en Betanzos. boas condicións. Interesados chamar ao 610634247. Anuncio publicado en Milanuncios.

CARPINTEIRO METÁLICO - BERGONDO

Búscase carpinteiro metalico con coñecementos en pintura para reparar casetas de obra e maquinaria en xeral. Toreneiro 981795696 / 671060189. Anuncio publicado en Milanuncios.

ALBANEL – A CORUÑA

Centro de traballo: A Coruña. Requírese -Experiencia en , reforma de locais comerciais ou vivendas. -Carné Conducir. -Dispoñibilidade viaxar. -Incorporación inmediata. -Ofrécese Contrato laboral a xornada completa Enviar C. V. a: info@todoser.es Es Anuncio publicado en Milanuncios.

XESTOR DE TRAFICO

Empresa en expansión busca xestor de transporte para a gestion de camións / cargas a nivel internacional. Imprescindible dominar inglés ou francés. Interesados enviar c.v. a gestion1507@hotmail.com Anuncio publicado en Milanuncios.

NECESÍTASE AXUDANTE DE COCIÑA

Necesítase axudante de cociña, con experiencia, para xornada completa. Incorporación inmediata. Tfno: 655 88 74 95 (chamar de 09: 30 a 13: 30) Zona Bergondo. Anuncio publicado en Milanuncios.

PERSOAL EN LAVACOLLA

Persona a media xornada para lavado e traslados dos clientes en Lavacolla, mandar cv. empleoaeropuerto@hotmail.com Anuncio publicado en Milanuncios.

CHOFER PARA TEIXEIRO

Se busca chofer con ADR para o Polígono Industrial de Teixeiro. Interesados contactar con Ángel 646272498. Anuncio publicado en Milanuncios.

CAMAREIRA PARA CURTIS

Se necesita camareira para Curtis. Interesados chamar ao 610998279/669193525. Anuncio publicado en Milanuncios.

COCIÑEIR@ PARA TAPERIA-BAR EN MONTESALGUEIRO

Se necesita cociñeiro/a para tapperia-bar A de Cris en Montesalgueiro. Con experiencia demostrable. Interesados contactar Cristina: 646922764. Anuncio publicado en Milanuncios.

CONDUCTOR/A DE AUTOBUSES PARA BETANZOS

Por incremento de servizos se requiere conductor xornada a tempo parcial para cubrir rutas de servizos escolares e fabricas. Enviar teléfono de contacto para concertar entrevista. Requisitos: permiso D en vigor e CAP. Interesados contactar a través da web de Milanuncios.

Anuncio publicado en Milanuncios.

OFERTAS XESTIONADAS POLO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO DA CORUÑA MAIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN NA WEB (www.coruna.gal/empleo/es) OU NO CENTRO.

- Técnico/a administrativo/a de recursos humanos. Contrato temporal para A Coruña.
- Fisioterapeuta. Media xornada para A Coruña.
- Comercial, venta de ferramentas Facom
- Depilador con fío, 2 prazas a media xornada en A Coruña.
- Operario CNC de madeira, 2 prazas en Culleredo
- Operario de limpeza con discapacidade, 5 prazas a media xornada en A Coruña.
- Soldador TIG, 3 prazas en Culleredo.
- Oficiais de 1 e 2 de fontanería, 5 prazas para Holanda.
- Mecánico de automóviles, 2 prazas para Carballo e A Coruña.
- Oficial Montaxe de Pladur para España e Portugal.
- Cociñeiro/a para A Coruña.
- Vendedor/a especializado de madeira para o Centro Comercial Marineda City.
- Comercial de seguros para A Coruña.
- Técnico de Enxeñería Industrial de Organización para A Coruña.

FORMACIÓN

PROBAS OFICIAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) PARA ADULTOS

Prazo de matrícula nas probas:

- Convocatoria de maio: 12 ao 23 de marzo de 2018
- Convocatoria de setembro: 2 ao 9 de xullo de 2018

Día das probas: 25 de maio e o 7 de setembro de 2018

PROBAS DE BACHARELATO

Prazo de matrícula nas probas: 23 de febreiro ata o 9 de marzo de 2018

Día das probas: 20 de abril de 2018

MAIS INFORMACIÓN: Servizo de orientación laboral. Telf.: 981789003 Ext.2037

CURSO DE "DOCENTE PARA A FORMACIÓN PROFESIONAL E O EMPREGO".

En xaneiro de 2018 vaise iniciar no edificio de Usos Múltiples de Teixeira (Curtis) o Curso conducente a obtención do certificado de profesionalidade de "Docencia para a formación profesional e o emprego" dirixido prioritariamente a persoas desempregadas menores de 30 anos.

¿Por qué debería realizar esta formación?

Existen profesionais de distintos sectores e ámbitos profesionais (perruqueiros/as, soldadores/as, carpinteiros/as, administrativos/as.....), que adquiriron unha formación e/ou experiencia desenvolvendo o seu traballo. Estes profesionais son persoas que poderían transmitir os seus coñecementos e experiencias a futuros profesionais, pero na maioría dos casos descoñecen a función docente (metodoloxía e didáctica). Son profesionais, xeralmente, cun título FP ou universitario que mediante a acreditación dunha competencia docente poderían ser profesores acreditados na Formación Profesional para o Emprego.

Desta realidade xorde a necesidade de implementar unha formación que permita adquirir a competencia docente a estes profesionais, tanto desde o punto de vista legal, pois así o esixe a lei ,como desde o punto de vista competencial, pois así o esixe a metodoloxía europea das cualificacións.

Para máis información contactar:

Orientación laboral do Concello de Curtis. Telf.: 981789003 Ext.2037

AXUDAS DIRIXIDAS A EMPREENDEDORES E EMPRESARIOS

1. PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Programa I: Novas altas no réxime autónomos ou outro réxime especial SS ou mutualidade entre o 1 de outubro 2017 e o 30 de outubro 2018. Prazo de solicitude: ata o 30/09/18.

Programa II: Axudas a persoas autónomas ou as persoas profesionais pola 1º, 2º o 3º contratación que realicen con carácter indefinido. O prazo de solicitude depende da data de contratación.

2. PROXECTOS DE INVESTIMENTO EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS.

Proxectos de ampliación ou modernización de: industrias, fábricas, locais destinados á produción de bens e materiais, prestación de servizos en calquera sector, artesanía, enxeñaría, comercio polo miúdo, etc. Prazo de solicitude: 30/01/18 ao 28/02/18

3. AXUDAS PARA PROXECTOS DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS. Prazo ata o 12/02/18

4. AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS PRIVADAS

Programa I: dirixido a empresas de nova creación para o inicio da actividade, contratación, formación e conciliación da vida laboral e familiar. Prazo xeral, ata o 31 de xullo 2018.

Programa II: para empresas ou autónomos cualificados como Iniciativas de Base Tecnolóxica (IEBT). Prazo xeral, ata o 30 de setembro de 2018.

5. GALICIA RURAL EMPRENDE

Axudas dirixidas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias nas zonas rurais, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial. Prazo ata o 26/03/18.

6. AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL

Programa I: En cooperativas e sociedades laborais. Prazo ata 01/10/18

Programa II: Fomento do acceso á condición de persoa socia. Prazo ata 01/10/18.

Máis información: Servizo de Orientación Laboral. Concello de Curtis.

XORNADAS

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, xunto ao Concello de Sada e o CEIDA, organiza o vindeiro sábado 3 de febreiro a Xornada 'Humidais para un Futuro Urbano Sustentable' con motivo da celebración do Día Mundial dos Humidais 2018. A actividade pretende dar a coñecer o valor ecosistémico de estes espazos, a situación en Galicia e perspectivas de futuro, e a súa relevancia como espazos educativos, para terminar coa presentación dos humidais e espazos protexidos no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A xornada terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Sada e, aínda que a asistencia é gratuíta, as prazas son limitadas.

Para máis información: Antiga Cámara Agraria de Abegondo, 1ª planta. R/ San Marcos, s/n; 15.318 – Abegondo. Tel.: 981.669.541. Web: www.marinasetanzos.gal. e-mail: info@marinasetanzos.org

DATOS DE CONTACTO DO SERVIZO:

Para apoio no envío de cv ou máis información.

Teléfono: 981789003 (Excepto os mércores de 12.00h–15.00h en 981778169).

Email: susana.nieto@curtis.gal

A información ofrecida nestas páxinas ten carácter meramente informativo. A Agrupación non asume responsabilidade algunha en relación cos datos contidos nas ofertas de emprego que figuran neste arquivo